


Medio

02/05/2024

ÍNDICE

Clima	2
Auga	2
Residuos de competencia municipal	5
Gases de efecto invernadoiro	5
Protección ambiental	6
Definicións e máis información	7
Definicións	7
Descarga de datos	7


Clima



Auga

En 2020 distribuíronse preto de 177,9 hectómetros cúbicos de auga nas redes públicas de abastecemento urbano de Galicia. O 72,1% do total de auga distribuída destinouse aos fogares, que consumiron unha media de 130 litros por persoa e día.


Distribución de auga por grandes grupos de usuarios. Galicia. Ano 2020. Porcentaxes



En 2020 o custo unitario da auga en Galicia situouse en 1,24 euros por metro cúbico, o que supón unha diminución do 3,1% respecto ao ano 2018. En comparación co custo unitario para o conxunto de España, o metro cúbico é 68 céntimos máis barato en Galicia.

O custo unitario de subministro de auga na Comunidade Autónoma de Galicia situouse nos 0,69 euros por metro cúbico, mentres que o de saneamento foi de 0,55 euros.


Evolución do custo unitario da auga. Euros por metro cúbico



Segundo o módulo de características e medio da Enquisa estrutural a fogares, o 84,84 % das vivendas familiares principais de Galicia dispón de conexión pública de augas residuais (rede de sumidoiros).

Ao facer a comparación por provincias, obsérvase que Ourense é a provincia con maior porcentaxe de vivendas que dispoñen destas instalacións (96,09 %) mentres que en Lugo esta porcentaxe sitúase no 69,23 %.

Vivendas con conexión pública de augas residuais. Ano 2020. Porcentaxes



Residuos de competencia municipal

En 2022 recolléronse en Galicia aproximadamente 1.116 mil toneladas de residuos de competencia municipal, dos cales o 18 % foi recollido de forma selectiva. Estas cifras supoñen unha media de 414,0 kg de residuos urbanos por persoa e ano. Polo que respecta á recollida selectiva, recolléronse 15,2 kg por persoa e ano de papel e 18,8 kg de vidro.

Cantidade de residuos de competencia municipal recollidos. Galicia Ano 2022


	Toneladas	kg persoa e ano
Total	1.115.765	414,05
Fracción orgánica	47.586	17,66
Vidro	50.581	18,77
Papel	40.920	15,19
Envases	32.413	12,03
Residuos voluminosos	17.713	6,57
Pilas	324	0,12
Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos	14.401	5,34
Resto	783.714	290,83
Fracción inorgánica	128.114	47,54
Subtotal selectiva	203.937	75,68
Subtotal mesturados	911.829	338,37

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

Gases de efecto invernadoiro

As emisións á atmosfera de gases de efecto invernadorio dende a Comunidade Autónoma galega aumentaron de forma continuada (con algún período intercalado de lixeira diminución) ata 2004, ano no que se acadou o valor máis elevado da serie (cun volume de emisións de 37.299 kt, expresadas como CO₂ equivalente). A partir de entón, o volume de emisións á atmosfera de gases de efecto invernadoiro dende Galicia comezou a diminuír, con breves períodos de repunte das emisións, como en 2007 e en 2012. No último ano no que se dispón de información (2022) rexistrouse un aumento interanual do 1,9 %.

Evolución do volume de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) á atmosfera. Galicia CO2 equivalente (kt)



Protección ambiental

Inversión en protección ambiental. Galicia

Unidade: Euros

	2020	2021
Total	35.992.276	38.305.892
Protección do aire e o clima	26.715.299	20.290.877
Xestión de augas residuais	1.556.863	7.163.210
Xestión de residuos	4.147.159	2.522.888
Protección e descontaminación de solos, augas subterráneas e superficiais	1.088.526	663.615
Protección do ruído e das vibracións	203.773	694.517
Protección da biodiversidade e as paisaxes	786.861	170.543
Outras actividades de protección	1.493.795	6.800.242

NE. Estadísticas sobre las actividades de protección medioambiental.

En 2021 os establecementos empresariais galegos tiveron un investimento total de 38,3 millóns de euros en protección ambiental, un 6,4 % máis que no ano anterior.

Definicións e máis información

Definicións

Descarga de datos

- Información climatolóxica por meses
- Distribución de auga
- Custo unitario da auga
- Xeración total e recollida selectiva bruta dos residuos de competencia municipal
- Emisións á atmosfera de gases de efecto invernadoiro
- Inversión en protección ambiental por sector de actividade económica.